

O VERBO

TEMA	DESINENCIA
RAÍZ, RADICAL ou LEXEMA + VOGAL TEMÁTICA Rad + VT	MODO-TEMPO + N°- PERSOA MMT + MNP

VOGAL TEMÁTICA. Indica a que conxugación pertence:

1ª CONXUGACIÓN	A Ø: 1ª p.sg. do pres. de Ind., pres. de Subx. e pret. (pret.perf.) de Ind. E : 1ª p.sg.pret. (pret.perf.) de Ind. (“cant-e-Ø-i”) O: 3ª p.sg.pret. (pret. Perf.) de Ind. (“cant-o-Ø-u”)
2ª CONXUGACIÓN	E Ø: 1ª p.sg. do pres. de Ind e pres. de Subx. I: 1ª e 2ª p.sg. do pret. (pret.perf) de Ind. (“coll-í-Ø-n”, “coll-í-Ø-ches”), copretérito (pret.imp.) de Ind (“coll-í-a-Ø”) e participio (“coll-i-do”) -Algúns verbos teñen -I- na 1ª p.sg. do presente de ind. e todo o pres. de subx.: caer (ca-i-Ø-o, ca-i-a-Ø), moer (mo-i-Ø-o, mo-i-a-Ø), traer (tra-i-Ø-o, tra-i-a-Ø)...
3ª CONXUGACIÓN	I Ø: 1ª p.sg. do pres. de Ind e pres. de Subx. -Agás algúns verbos que teñen “i” neses casos (saír: sa-i-Ø-o, sa-i-a-Ø) E: 2ª e 3ª p.sg. e 3ª p.pl. do pres. Ind e 2ª p.sg. Imperativo “part-e-Ø-Ø”)

Formas atemáticas: as que teñen VT = Ø

DESINENCIA. Contén dous morfemas: MMT + MNP

MORFEMA MODO-TEMPO. Achega o significado de modo (indicativo, subxuntivo e imperativo), o de tempo (presente, pasado e futuro) e aspecto (perfectivo e imperfectivo).

O MODO expresa a actitude do falante ante a acción:

-Indicativo. O falante expresa a acción de maneira obxectiva, sen tomar partido nin manifestar os seus sentimentos. Ex.: “Aprobei o exame”.

-Subxuntivo. O falante deixa entrever os seus sentimentos (desexo, dúbida, temor, esperanza...). Ex.: “Oxalá aprrobe”.

-Imperativo. Expresa un mandato ou prohibición. Ex.: “Aproba dunha vez”.

MORFEMAS MODO-TEMPO (MMT):		
MODO INDICATIVO	MODO SUBXUNTIVO	MODO IMPERATIVO
Presente: Ø	Presente: 1ª C: -E, 2ª e 3ª C: -A	Ø
Copretérito (Pret.Imp.): 1ªC: -BA, 2ª e 3ªC: -A	Pret.: -SE	
Pretérito (Pret.Perf.): Ø		INFINITIVO CONXUGADO (persoal ou variable)
Antepretérito (Pluscuamperfecto): -RA		-R (pode considerarse -RE nalgúnhas persoas)
Futuro: -RE/-RÁ	Futuro: -R (pode considerarse -RE nalgúnhas persoas)	
Pospretérito (Condic./Fut.Hipotético): -RÍA/-RIA		

MORFEMAS ASPECTUAIS (MA) nas formas nominais:		
Infinitivo impersonal (invariable)	Xerundio	Participio
-R	-NDO	-DO

MORFEMA N°-PERSONA:

Responde á concordancia entre suxeito e verbo.

Indica a persoa que realiza a acción verbal: 1ª (falante/s), 2ª (oínte/s) ou 3ª (ser/es ou obxectos/s distintos do falante e do oínte) e se o suxeito é singular ou plural.

		Pres.Ind.	Fut.Ind.	Pretérito (Pret.Perf.) Ind	Fut. Subx e Inf.Conxugado	Imperativo
1ª P	Ø	-O	-I	-I (1ªC) / -N (2ª e 3ª C)		
2ª P	-S			-CHES	-S ou -ES	Ø
3ª P	Ø			-U		
4ª P	-MOS (*)					
5ª P	-DES			-STES		-DE
6ª P	-N			-RON	-N ou -EN	

* -MO na enclise cos pronomes (“amámonos”)